

DECLARACIÓN DA COMISIÓN DO PAÍS GALEGO DE "XUSTIZA E PAZ" ANTE O NADAL

O Nadal é unha festa que ten a súa orixen no nacemento de Cristo, que veu vivir entre os homes para os liberar de todo mal e para lles ensinar cómo teñen que liberarse. A humanidade alégrase por este feito de liberación-salvación e quer celebralo anunciando a PAZ NA TERRA.

A CELEBRACION DO NADAL

O feito da liberación-salvación que procede do nacemento de Cristo, celébrase hoxe baixo diversos aspectos. Fixémonos en dous deles:

- 1.— O aspecto festivo e frívolo baixo o signo do consumismo: ceias —con abundancia de mariscos, doces e bebidas—, adornos do fogar en torno ao "Nacemento" e á "Arvore". Todo isto potenciado pola publicidade.
- 2.— O aspecto da preocupación sensíbel polo próximo: felicitacións de Páscoa e visitas a familiares e amigos, dos que non nos acordamos durante o ano; donativos para a Campaña do Necesitado e para "os nosos pobres".

Estes aspectos descubren desexos de liberación-salvación non satisfeitos: ansias de felicidade e de paz neste mundo concreto. Pero estes anseios non se atinxen porque existe unha realidade máis profunda que está impedindo alcanzar un mundo organizado en xustiza que permita o desenvolvemento pleno da humanidade. Esa realidade profunda é: un sistema económico-político que pon o diñeiro e os seus beneficios sobre todo outro valor, sobre a persoa.

O SISTEMA ECONOMICO-POLITICO

Este sistema valora a persoa samente en canto é útil para o traballo e establece unhas estruturas sociais, económicas, políticas e relixiosas que o favorezan. Desta planificación deriva a marxinação de moitas persoas (xubilados, enfermos crónicos, subnormais e minusválidos) porque non son rentábeis nun proceso de produción.

Por outra parte, provoca a emigración, en canto organiza a economía criando unhas zonas subdesenvolvidas e supeditadas ás máis favorecidas. Isto comporta un traslado constante de persoas dunhas zonas a outras e duns países a outros, que causa estragos na personalidade dos individuos e nas familias e elimina o Movemento Obreiro tanto nos lugares d orixen como nos de destino.

Para que non surxa unha protesta organizada anuláanse todas as liberdades de reunión, expresión, asociación, folga e o dereito de cada país a buscar a súa forma política, ou limitáanse para que fiquen reguladas polo poder económico. A defensa destes dereitos é causa de procesamento de moitas persoas, e deste modo surxen novos marxidados: os detidos ou exilados por delitos de intención política ou social.

A SITUACION NA GALIZA

O Povo Galego sofre con maior intensidade esta situación de inxustiza: os seus homes e mulleres tiveron que emigrar porque as riquezas naturais son levadas a outros países para a súa elaboración, ou porque as súas fontes de ingresos —por exemplo o campo ou as ribeiras marisqueiras— son anuladas por unha industrialización irracional (industrias contaminantes, embalses hidroeléctricos, explotacións mineiras, etc.).

A emigración é causa de dor. ¿Cántos marxidados surxen na emigración? ¿Cómo se pode educar plenamente aos nenos que deben ser cuidados polos seus abós ou familiares maiores? ¿Cánta xente se verá abocada á inadaptación e ao descontrol persoal por teren que abandonar as súas terras nunha idade avanzada que lles impide adaptarse a outro traballo?

Tamén houbo e hai sufrimento en moitas familias, porque algúns dos seus membros defenderon as liberdades fundamentais da persoa e o dereito de que o Povo Galego poda decidir o seu futuro e a súa forma de integración dentro do Estado Español. ¿Cántos homes e mulleres foron procesados ou detidos por defender estes dereitos? Aínda hoxe permanecen na prisión de A Coruña varios militantes nacionalistas.

Por todo o exposto debemos concluír que o Povo Galego se encontra oprimido e pide a súa liberación. Todos cantos defenden á Humanidade e todos os crentes en Cristo deben escoitar os seus lamentos, e saír do seu egoísmo e da súa comodidade para buscar a liberación.

UN DEUS LIBERADOR

Deus continúa agora ouvindo os lamentos do seu povo, a semellanza de cando se fixo eco dos lamentos do povo de Israel que estaba baixo a escravitude do faraón. Deus interésase pola historia do seu povo, non pode velo na opresión; a situación de explotación non acái a Deus, que é o Deus da historia e da liberación política. A liberación do povo oprimido foi o comezo da Biblia. “Es exipcios trataron cruelmente a os fillos de Israel; fixéronos escravos, amargáronlles a vida con duros traballos de construción, con toda clase de traballos no campo e toda clase de servidumes impostas por crueldade” (Exodo 1,10-12). E Deus,

falando a Moisés, dixo: “Vin a humillación do meu povo en Exipto, e escoitei os seus berros... e baixéi para o liberar da opresión e levalo a un país grande e fértil” (Exodo 3,6-10).

Esta experiencia de liberación converteráse en tema de celebración festiva: a Páscoa. Pero o mundo sigue sendo explotado. Por iso Cristo fíxose home e anunciou que fora “enviado polo Pai para predicar a Boa Nova aos pobres, anunciar aos cativos a liberdade, e aos cegos que axiña verán; a deixar libres os oprimidos e proclamar o ano de gracia do Señor” (Lucas 4,18-19).

Por isto, para celebrar o Nadal e poder anunciar PAZ AOS HOMES é preciso liberar ás persoas de si mesmas, da súa propia explotación e da opresión que ven sufrindo polos poderosos, polos que teñen poder, polos Países e Nacións Desenroladas. Somentemente así se pode celebrar a Páscoa, o nacemento de Cristo.

Os outros modos de celebrar o Nadal, o nacemento de Cristo, falsean a súa natureza: alienan á xente con unha falsa felicidade, con unha falsa caridade ou con unha falsa paz.

LIBERACION NA GALIZA

Para que a acción liberadora de Deus e de Cristo sexa unha realidade en Galiza, hai que loitar para que o home sexa valorado polo que é e non pola súa rentabilidade no proceso de produción; e hai que integrar na sociedade a todos os que hoxe son considerados “marxinados”, con plenos dereitos de cidadanos, de forma que a sociedade supla ou aceite a súa limitación.

Por outra parte, é preciso que se leve a cabo unha planificación económica racional, non samente de creación de industrias de extracción de materias primas senón tamén de elaboración, para que todos os emigrantes encontren un posto de traballo na súa Terra, que posibilite a realización da persoa e da familia.

Cumpre establecer na sociedade os dereitos de expresión, asociación, reunión e folga, e o dereito do Povo Galego a decidir o seu futuro e a forma de participar no Estado Español. Como paso previo para isto requírese unha Amnistía Xeral que poña en liberdade a todos os detidos e permita o retorno dos exiliados.

Somentemente conseguindo isto se pode celebrar o nacemento de Cristo, porque estaremos en camiño de ir construíndo ese Home e ese Mundo Novo de que nos fala San Xoán no Apocalipsis. Porque a fidelidade do home a Cristo pasa pola fidelidade ao compromiso de liberarse liberando ao povo, e de ler e celebrar a historia da liberación do povo como sinal do amor total e, polo tanto, como lugar de encontro con Deus.

Galiza, Nadal 1976
“Nadal: todos na casa”.